

CIG-Saúde Laboral

Boletín nº 39

Nº 39 XULLO 2021 CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL www.cigsaudelaboral.org

SUMARIO

ANÁLISE/OPINIÓN

DESIGUALDADE, TRABALLO E XUSTIZA SOCIAL

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

INFORMACIÓN TÉCNICA

RISCO QUÍMICO: FICHAS DE DATOS DE SEGURIDADE

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

INFORMACIÓN TÉCNICA

AXENTES CANCERÍXENOS NO TRABALLO

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

INFORMACIÓN

REAL DECRETO 427/2021, do 15 de xuño, polo que se modifica o Real Decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

SABÍAS QUE..?

NANOTECNOLOXÍA: UN RISCO DE DIFÍCIL PREVENCIÓN

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

ANÁLISE/OPINIÓN

SINDICALISMO E PREVENCIÓN

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

Desigualdade, traballo e xustiza social



FINANCIADO POR:

CÓD. ACCIÓN: PTE ASIGNACIÓN



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



FUNDACIÓN
ESTATAL PARA
LA PREVENCIÓN
DE RIESGOS
LABORALES, F.S.P.



Confederación Intersindical Galega

Desigualdade, traballo e xustiza social

Resulta evidente que a crise mundial da pandemia do COVID-19 a maiores do inmenso problema de saúde pública e a gran mortaldade que está a conlevar, ten provocado un importantísimo deterioro dos sistemas produtivos e por ende da nosa estrutura económica e da equidade social, con numerosas e gravísimas consecuencias en termos de emprego, desigualdade, pobreza e exclusión social.

REFORMA LABORAL, COVID-19 E DEREITA NEOLIBERAL

Entre outras cuestións, se algo ten referendado e deixado meridianoamente claro esta catástrofe pandémica, resulta ser sen dúbida a extraordinaria, imprescindible e insubstituíble relevancia que teñen para a protección da gran maioría social traballadora a existencia duns servizos públicos eficaces, eficientes e ben dimensionados capaces de dar axeitada resposta ás necesidades plantexadas, en contraposición a uns servizos públicos (sanidade, educación, subsidios por desemprego, protección social,...) cativados nas súas capacidades como consecuencia das políticas de destrución e recortes propiciados histórica e obsesivamente pola dereita española en beneficio dos grupos de inversión multinacional de carácter privado cos que comparten dividendos e ideoloxía neoliberal, ideoloxía en moitas ocasións con notables concomitancias co fascismo de novo cuño e nas antípodas dos principios que rexen as democracias reais de corte social e participativo.

A estas alturas nin ao máis ignorante e zopenco da clase se lle escapa que para loitar e combater con certo éxito as desigualdades producidas polo latrocinio sistemático do sistema capitalista-

neoliberal, resulta imprescindible e primordial deseñar e aplicar políticas públicas progresistas fundamentadas na equidade e a progresividade fiscal (que pague máis quen máis ten), que existan servizos públicos eficientes capaces de garantir a necesaria protección social nos períodos de necesidade, e que existan unhas políticas públicas orientadas a promover un mercado de traballo máis xusto, inclusivo, equilibrado e equitativo. Un mercado de traballo que reparta máis eficientemente a riqueza e as plusvalías do traballo, que garanta empregos seguros e salarios dignos, e que penalice a precarización das condicións de traballo combatendo frontal e decididamente o desemprego.

A realidade en cambio é que no momento actual e dende as reformas implementadas polo Partido Popular (PP) na crise económico-financiera iniciada no ano 2007 -reforma laboral



incluída-, a precariedade laboral do mercado de traballo tense volteado nunha precariedade estrutural promovida, buscada e propiciada polas políticas ultraliberais e neoconservadoras da dereita política e social española herdeira do franquismo e do compendio ideolóxico máis retrógrado da Europa Occidental que bebe directamente das fontes teóricas do neofascismo, consecuencia do cal, a hipocrisía, o engano, a manipulación, a corrupción, o latrocinio e a corrupción, forman na práctica parte consubstancial e constituínte do seu “modus operandi”. Unha política esta que require dun continuo engano e manipulación do estado de opinión da poboación e que non sería posible levar a cabo sen a colaboración intensa, continua e entusiasta dunha importante cantidade de medios de comunicación propiedade e a disposición do poder ostentado polo poder político e social controlado pola dereita española.

Así as cousas os efectos acumulados das medidas adoptadas para a “superación” da crise económico-financeira de finais do ano 2007 unidos aos efectos económicos da actual pandemia, teñen configurado un mercado de traballo con grandes bolsas de paro e unha extrema precariedade no que as mulleres, a xente moza e os parados/as de longa duración son sen dúbida os que se están a levar a peor parte dos seus nocivos efectos: desemprego, precariedade, subcontratación, economía somerxada e baixos salarios que están a afondar na enorme brecha das desigualdades sociais e a propia sostenibilidade das pensións e a Seguridade Social.



Segundo os cálculos publicados pola OIT, a masa salarial no Estado español caeu un 12,7% nos dous primeiros trimestres do ano 2020 como consecuencia dos efectos da pandemia de COVID-19, a pesares das medidas extraordinariamente positivas (impensables con Gobiernos de dereitas) propiciadas pola aplicación do paraugas dos ERTES, o ingreso mínimo vital (IMV) ou o recente e tan necesario incremento do salario mínimo interprofesional (SMI).

POBREZA, RIQUEZA E XUSTIZA SOCIAL

A pesares de todo, estas políticas amósanse amplamente insuficientes debido fundamentalmente ao mantemento e non derogación (polo de agora) da terrible e nefasta reforma laboral imposta polo PP, así como pola aplicación sistemática de políticas neoliberais xeradoras de grandes diferencias salariais, inmensas bolsas de paro, desregulación do mercado laboral e a potenciación da economía financeira especulativa fronte á economía produtiva real, a verdadeiramente xeradora de emprego, importantes “inputs” económicos e aportacións sociais.

Estas circunstancias entre outras perfilan en gran medida as causas fundamentais do incremento da pobreza e o aumento das desi-

gualdades, de tal xeito que na actualidade no Estado español un 13% das persoas traballadoras cun emprego son persoas traballadoras por debaixo do limiar da pobreza a pesares de desenvolver unha actividade laboral. Pola contra cada día é maior a concentración (en menos persoas) e o incremento das rendas do capital, rendas que por outra parte pouco ou case nada aportan porcentualmente ao mantemento común do Estado do benestar, a pesares de que cada vez resulta máis grande a parte do “pastel” económico do que se apoderan e benefician en exclusiva, incrementándose as desigualdades, a iniquidade e a inxustiza social no Estado español, dun xeito moi destacado en relación ao resto dos Estados de Europa tras as políticas despregadas polos Gobernos de dereitas do Partido Popular (PP).

EMPREGO E EQUIDADE SOCIAL

Dada a inmensa importancia de ter un emprego xusto e digno como factor determinante para a consecución da integración, a cohesión e a equidade social, resulta urxente e inaprazable abordar dende a UE e os Estados que a compoñen (especialmente o Estado español), unha reforma fiscal xusta e progresiva que promova maiores aportacións económicas de quen máis ten, favorecendo un mellor e máis xusto reparto da riqueza, o desenvolvemento e axeitado financiamento de servizos públicos esenciais para a protección social dos colectivos de personas traballadoras e as súas familias que se atopan nunha situación máis vulnerable (educación, sanidade, vivenda, SMI, IMV,...).



Agora máis que nunca faise necesario recuperar as políticas de pleno emprego, dun emprego digno no marco establecido pola Carta Social Europea que determina a curto prazo o obxectivo de acadar un Salario Mínimo Interprofesional (SMI) equivalente cando menos ao 60% do salario medio, así como garantir a través da negociación colectiva convenios sectoriais cun salario mínimo garantido, superando as políticas regresivas do PP derivadas da súa aberrante reforma laboral; só así poderemos comezar a camiñar na senda da redución das desigualdades salariais na viaxe cara a unha maior equidade social.

Fomentar a equidade e a xustiza social en aras a reducir o incremento das desigualdades, require da aplicación de políticas redistributivas da riqueza e do afortalamiento dos Servizos Públicos esenciais e de protección social. Políticas e servizos que loxicamente necesitan dun financiamento suficiente que garanta o seu mantemento e sostenibilidade, algo isto absolutamente incompatible coa baixada de impostos (para os ricos, as clases máis podentes e os grandes grupos empresariais) que implican unha menor recadación de fondos públicos e a eliminación a curto e medio prazo das políticas

de protección e reequilibrio social que forman parte da axenda política dunha dereita cada vez máis insolidaria, máis extrema e máis radical.

Neste punto resulta evidente que o combate ideolóxico e a loita política están servidas á hora de decidir que camiño tomar a nivel económico e social. O camiño dunha fiscalidade equilibrada e progresiva destinada a redistribuír a riqueza, diminuír as desigualdades e acadar una maior equidade social no marco dunha sociedade máis xusta, solidaria e cohesionada; ou pola contra, como se vén facendo historicamente ata agora, dar as costas á gran maioría social traballadora e aos seus intereses económicos e sociais, apostando como fixo sempre a dereita, por favorecer e beneficiar en exclusiva ao gran capital, ás burguesías adiñeiradas e aos estamentos sociais e profesionais privilexiados que forman parte do Sistema que sostén o poder da dereita política e

social herdeira directa do franquismo. Solidariedade-insolidariedade; xustiza social-inxustiza social, igualdade-desigualdade, cohesión-conflicto, ... e estas son as disxuntivas.

CAPITALISMO NEOLIBERAL: COBIZA E DEPREDACIÓN

O capitalismo neoliberal asumido e practicado pola dereita española segue as directrices ideolóxicas aplicadas polos Estados Unidos (USA) en materia económica, unha ideoloxía económica baseada na nefasta Teoría do Medre Continuo que non ten para nada en conta que o noso planeta, entendido como un ben explotable e espoliado para a obtención de riqueza, é un espazo determinado e finito con recursos limitados o que a todas luces impide e imposibilita un medre ilimitado e continuo da riqueza baseado na explotación dos seus recursos. Circunstancia esta que se ve extraordinariamente agra-



vada no Estado español polo innegable e disparado incremento das desigualdades económicas e sociais que se están a producir tanto entre CCAA (Galiza é un claro exemplo) como entre persoas (clase traballadora), aumentando cada vez máis as diferencias existentes entre pobres e ricos, estes últimos acumulando cada vez máis e máis riquezas en contraposición ao empobrecemento continuo da gran maioría social traballadora. Así as cousas só un troco de paradigma económico e dos actuais modelos produtivos poderán aportar unha máis axeitada solución. Seguir polo camiño da Teoría do Medre Continuo por unha banda só servirá para seguir a esnaquizar dun xeito cada vez máis irreversible o noso medioambiente e recursos naturais, e pola outra seguirá a incrementar sen límite a inxustiza e as desigualdades adiviñándose nun horizonte nada lonxano importantes conflitos sociais que se irán progresiva e inexorablemente enconando debido á radicalización, intransixencia e cobiza cada vez máis extrema e violenta da dereita política e social española.

O CAMIÑO PERCORRIDO Á DESIGUALDADE ACTUAL

Hoxe por hoxe, dende a caída e disolución da maioría dos rexímenes alternativos ao capitalismo, o neoliberalismo internacional de extrema dereita tense transformado en máis agresivo e radical, invadido como está pola insolidariedade e unha cobiza sen límites disposta a non outorgar ningunha concesión con tal de acumular máis poder e cada vez máis e máis riqueza, incrementando ata o límite da

usura económica, política e social os niveis de desigualdade.

Sen dúbida algunha as cesións prácticas e ideolóxicas efectuadas nas últimas décadas pola socialdemocracia europea e especialmente a española, aceptando e asumindo como inevitables moitos dos principios económicos que rexen o “modus operandi” do capitalismo neoliberal, ten sido aproveitada pola dereita política, propiciando a extensión da actual situación de crecente desigualdade e inxustiza social; desigualdade non só económica e material, senón tamén no xurídico, no laboral, na participación política ou na igualdade de oportunidades entre outras.

O progresivo e constante incremento das desigualdades que tanto está a afectar na actualidade a unha importante parte da poboación, afonda as súas raíces na “revolución” neoliberal dos anos 80 e 90 do pasado século XX. Dende aquel período e co desmantelamento dos rexímenes políticos alternativos ao capitalismo, a dereita política internacional viu o camiño expedito para radicalizar as súas posicións incrementando notablemente os niveis de inxustiza económica e



social aumentando notablemente o grao de desigualdade para unha boa parte da humanidade.

ALTERNATIVA ÁS POLÍTICAS DA DEREITA NEOLIBERAL

Ante esta ofensiva de insolidariedade e cobiza sen límites da dereita política, estase a contraponer ideolóxica e politicamente unha concepción igualitarista da sociedade que afonda no valor das democracias sociais e participativas que consideran fundamental e innegociable a plena garantía dos dereitos civís e políticos así como os dereitos sociais e económicos, entre os que o dereito inalienable a un traballo digno e en condicións de seguridade constitúe un elemento clave e fundamental en termos de integración e cohesión social. Dereitos estes que son complementados polos chamados dereitos de terceira xeneración ou dereitos colectivos tales como o dereito a vivir nunha situación de paz, o dereito á preservación dun ecosistema e un medioambiente natural e saudable, o dereito á defensa e preservación da propia lingua, cultura e identidade, e por suposto o dereito á autodeterminación para aqueles pobos que se consideran a si mesmos, como é o caso galego, unha nación.

Pertencer a unha determinada clase social; ter un traballo digno e seguro, ou non; posuír un determinado nivel de renda e riqueza ou desfrutar dunhas determinadas condicións de vida, son factores prognóstico determinantes en relación aos niveis de morbilidade e mortalidade que rematan por afectar ás persoas.



Cientificamente está amplamente constatado que a maior desigualdade peor saúde para as persoas que padecen as condicións máis desfavorables. Así as cousas ante esta irrefutable realidade do continuo avance das desigualdades xeradas polas políticas da dereita neoliberal, faise imprescindible revitalizar e poñer en primeiro termo das prioridades a recuperación do enfoque social da economía, aproveitando as técnicas que nos proporciona esta disciplina para favorecer á gran maioría poboacional traballadora a través da mellora da eficiencia económica vinculándoa intimamente a unha máis xusta e equilibrada redistribución da riqueza, unha fiscalidade realmente progresiva e unha xestión pública eficiente exenta de clientelismos e corrupción que axude a diminuír ostensiblemente as actuais desigualdades.

A propia Organización Mundial da Saúde (OMS) -segundo explícita no Proxecto do Plan de Acción Mundial 2008-2017, sobre a saúde dos traballadores/as-, significa: “As persoas

traballadoras constitúen a metade da poboación mundial e son as máximas contribuíntes ao desenvolvemento económico e social. A súa saúde non está condicionada só polos riscos no lugar de traballo, senón tamén por factores sociais e individuais e polo acceso aos servizos de saúde”.

Xa no século XVIII para o filósofo francés Jean-Jacques Rousseau (1712), a desigualdade social e política non era natural, non derivaba dunha vontade divina e tampouco era unha consecuencia da desigualdade natural entre o xénero humano. Para Rousseau a súa orixe é o resultado da propiedade privada e dos abusos de aqueles que se apropian para si mesmos da riqueza do mundo, das plusvalías do traballo e dos beneficios privados que se derivan desa apropiación.

Sen dúbida a esas alturas de século Rousseau xa sabía con toda certeza que os sistemas económicos cobizosos e insolidarios eran unha fonte inesgotable e constante de desigualdade.

ALICERCES DAS POLÍTICAS DA DEREITA NEOLIBERAL

Debemos ter en conta que o neoliberalismo non é só un conxunto de teorías e estratexias económicas, pola contra tamén é unha doutrina político-social máis ampla e perigosa que aborda as problemáticas sociais dende a perspectiva da individualidade, o egoísmo, a cobiza, a insolidariedade e a sacralización do enriquecemento persoal a calquera prezo independentemente das nefastas consecuencias que a súa acción



teña para os recursos naturais e para a maioría da sociedade. Para o neoliberalismo o ser humano mídese e valórase pola súa capacidade persoal para acumular poder e riqueza nunha carreira sen límites onde todo vale, amparándose nunha suposta e falsa liberdade individual fundamentada no consumismo, da que realmente só desfrutan aqueles que seguindo a súa ideoloxía conseguen esa acumulación de riqueza en detrimento da liberdade individual e colectiva de todos os demais obrigados a subsistir cuns baixos niveis de calidade de vida, sen presente nin expectativas de futuro.

Os principios económicos do neoliberalismo avogan pola diminución da dimensión das Administracións e polo tanto pola desaparición ou diminución dos servizos públicos que atenden ás necesidades da gran maioría social traballadora (sanidade, saúde, servizos sociais, prestación por desemprego,...); desvalorizando a importancia do colectivo (que favorece ao conxunto) e potenciando o protagonismo do éxito individual como forma de acceder ás satisfaccións e praceres proporcionados pola


capacidade adquisitiva e de consumo como fórmula da felicidade.

O neoliberalismo que é o mesmo que dicir dereita política e social -cada vez máis extrema e radical-, nunca estará disposto a admitir que existe unha alternativa posible á sociedade capitalista de consumo asentada na doutrina neoliberal, permitíndose afirmar incluso mentiras tales como que a súa teoría político-económica é a base da democratización. Nada máis falso e lonxe da realidade. Sen dúbida de ningún tipo o neoliberalismo ten socavado e sigue a socavar gravemente as democracias, eliminando dereitos fundamentais, destruíndo servizos públicos esenciais, así como manipulando e controlando unha boa parte da opinión pública a través dos medios de comunicación ao servizo do Sistema, impedindo a participación real da poboación, baleirando en definitiva de contido a posibilidade dun auténtico e xenuíno exercicio de participación democrática e de control do poder exercido especialmente

polos Governos de dereitas, tan afines como son á mentira, ao engano, á manipulación, á corrupción e á destrución de dereitos e liberdades dunha gran parte da poboación.

Así as cousas, o presente neoliberalismo económico practicado pola dereita política e social, considera falsamente que o "mercado" resolve todos os problemas que se producen na sociedade e que a súa práctica económica é a única posible, sendo imprescindible promover a derogación de condicións e regulamentos para superar dificultades e restricións e deste xeito favorecer unha maior capacidade de competencia das empresas. En definitiva, a lei da selva onde o empresario ten sempre a tixola polo mango para impoñer á maioría social traballadora as súas espurias condicións, en moitos casos ao borde do puro e simple escravismo laboral.

A pesares de que a desigualdade social forma parte do propio ADN do capitalismo, a existencia de rexímenes políticos alternativos a este





(comunismo) que proporcionaban á poboación maiores estándares de calidade de vida, propiciou como reacción defensiva do propio capitalismo neoliberal o xurdimento do denominado “capitalismo social” que buscaba un equilibrio entre riqueza e pobreza de tal xeito que melloraba significativamente os índices de redistribución da riqueza e da calidade de vida do conxunto da poboación, coa participación activa neste proceso das organización sindicais e dos partidos do sector da esquerda. Este período do capitalismo social (sociedade do benestar) comeza a esmorecer rapidamente tras a caída do muro de Berlín e a transformación dos rexímenes comunistas do leste de Europa. A partires desa época a dereita política neoliberal dáse conta que xa non ten enfronte unha alternativa de poder con outro modelo económico e social, e comeza a recuperar a pasos axigantados a súa cobiza sen límite e a súa vontade de depredación económica e social na procura dos maiores

beneficios posibles sen importarlle nin a calidade de vida nin os dereitos básicos do conxunto da poboación, incrementándose dende entón a un ritmo vertixinoso a inxustiza laboral e económica, á vez que se orixina unha cada vez maior desigualdade social.

No Estado español para chegar á actual situación, por unha banda a dereita política neoliberal (*PP, C's, Vox, UPyD, ...*) contou coa inestimable colaboración dunha socialdemocracia (PSOE) ideoloxicamente feble e en gran medida rendida aos pés das teorías económicas e sociais do capitalismo neoliberal (reformas laborais PSOE e PP); e por outra o sindicalismo estatal (basicamente CCOO, UGT) foi definitivamente domesticado converténdose en organizacións pro sistema fundamentalmente de carácter pactista e sempre ao servizo do Goberno de turno a cambio dos privilexios e contrapartidas económicas obtidas para as estruturas de poder das súas propias organi-

zacións, debilitándose significativamente deste xeito os mecanismos de defensa dos salarios e as condicións de traballo dunha gran parte da poboación traballadora.

Sen dúbida algunha o neoliberalismo entendido como modelo único e falsamente insubstituíble, abócanos sen remisión a unha fonda situación de inxustiza económica e social, a un desastre de grandes dimensións que seguirá aumentando sen apenas límites os niveis de desigualdade, dada a ausencia polo de agora de un contrapoder real e efectivo que free esta forma de barbarie e agresión continua ás clases traballadoras no marco dunhas democracias liberais febles e inoperativas incapaces de protexer dun xeito real á súa cidadanía.

Así as cousas non queda máis opción que asociarse, organizarse e combater dende todos os planos posibles este terrorismo económico e social practicado polas insolidarias e cobizosas políticas da dereita neoliberal; hoxe máis que nunca a loita democrática é o único camiño no obxectivo da consecución dunha sociedade máis xusta, equitativa, solidaria, cohesionada e igualitaria. Neste camiño o acceso a un emprego digno con salarios xustos e unhas axeitadas condicións de traballo, son a todas luces a mellor ferramenta para facilitar o acceso á poboación a uns estándares de calidade de vida que poidan ser considerados como aceptables e humanos, nunha auténtica democracia social e participativa que realmente vele pola xustiza e o benestar de toda a súa cidadanía.



Risco químico: fichas de datos de seguridade

U nha ficha de datos de seguridade (FDS) (en inglés, Safety Data Sheet ou SDS) é un documento que indica as particularidades e as propiedades dunha determinada substancia para o seu uso máis axeitado. Está pensada para indicar os procedementos adecuadamente ordenados para traballar coas substancias dunha maneira segura. En definitiva, o obxectivo da FDS é informar de forma efectiva e suficiente ao usuario profesional do perigo do produto para a saúde, a seguridade e o medio ambiente. Esta información é esencial para unha análise efectiva dos perigos asociados a un produto determinado e é básica para xestionar os riscos laborais debidos á presenza de axentes químicos nos postos de traballo.

Utilidade das Fichas de Datos de Seguridade (FDS)

A información sobre o perigo dos produtos químicos, xa sexan substancias ou preparados (mestura de dúas ou máis substancias), é imprescindible para coñecer o risco que a súa manipulación presenta e en consecuencia adoptar os métodos de traballo adecuados para a protección da saúde e o medio ambiente. Neste tema, as fichas de datos de seguridade dos produtos químicos constitúen unha ferramenta fundamental que achega información non soamente sobre o perigo dos produtos senón sobre aspectos tales como a xestión de residuos, primeiros auxilios ou datos fisicoquímicos de gran axuda na manipulación dos mesmos.

Criterios básicos de elaboración e posta a disposición

A ficha de datos de seguridade (FDS), tanto para substancias como para preparados, debe ser facilitada ao destinatario no momento da primeira entrega do produto perigoso, ou mesmo antes, para que poida tomar

as medidas necesarias encamiñadas a previr posibles riscos na súa utilización. Nela deben constar os datos necesarios para a protección das persoas e do medio ambiente. O fabricante, o importador ou o distribuidor pode comunicar esta ficha sobre papel ou en forma electrónica e debe facer partícipe ao destinatario de calquera nova información pertinente sobre o produto.



Os criterios básicos a ter en conta para a elaboración destas fichas poden resumirse en:

a) Proporcionar datos que permitan identificar o produto e ao fabricante ou subministrador, así como un número de teléfono onde efectuar consultas de emerxencia.

b) Informar sobre os riscos e perigos do produto respecto a:

- Inflamabilidade.
- Estabilidade e reactividade.
- Toxicidade.
- Posibles lesións por inhalación, ingestión ou contacto dérmico.
- Primeiros auxilios.
- Ecotoxicidade.

c) Formar ao usuario do produto sobre:

- Comportamento e características.
- Correcta utilización (manipulación, almacenamento, eliminación, etc.).
- Controis de exposición.
- Medios de protección (individual ou colectiva) a utilizar no caso de que o control non fose do todo eficaz ou en caso de emerxencia.
- Actuacións a realizar en caso de accidente: extintores adecuados contra incendio, control e neutralización de derrames, etc.

Descrición dunha ficha de datos de seguridade

A normativa non especifica un formato estándar obrigatorio para a ficha de datos de seguridade, xa sexa dun preparado ou dunha substancia perigosa, pero si establece un tipo de información que debe ser incluída na mesma


de forma obrigatoria tal e como se recolle de seguido.

AS 16 SECCIÓNS OBRIGATORIAS DUNHA FDS

A ficha de datos de seguridade, debe contar coas seguintes 16 seccións:

1. Identificación da substancia ou a mestura e da sociedade ou empresa

Inclúense os datos de identificación da substancia ou mestura, así como os usos aos que está destinada e os usos desaconsellados. Tamén se informa sobre os datos do proveedor da ficha de datos de seguridade e o teléfono de emerxencia.



2. Identificación do perigo

Inclúese a clasificación de perigo da substancia química e o modo en que debe etiquetarse (pictogramas de perigo, indicacións de perigo e consellos de seguridade).

3. Composición/información sobre os compoñentes

Identifícase a substancia, mestura ou ingredientes que deben terse en conta na clasificación de perigo xeral e/ou que están presentes en concentracións que superan determinados niveis de alerta. Estes datos levan aparellados os Valores Límite de Exposición Profesional.

4. Primeiros auxilios

Ofrécese información sobre as medidas de primeiros auxilios que deben adoptarse en caso de exposición accidental ao produto químico.

5. Medidas de loita contra incendios

Entre outros, descríbense as medidas para aplicar en caso dun incendio no que estea presente o produto químico e os posibles perigos derivados (produtos de combustión perigosos ou riscos de explosión de nube de vapor).

6. Medidas en caso de vertedura accidental

Ofrécense recomendacións sobre como tratar as fugas ou os derrames accidentais de produtos químicos, para previr ou minimizar os posibles efectos adversos.

7. Manipulación e almacenamento

Infórmase sobre como manipular e almacenar os produtos químicos en condicións de seguridade, co fin de evitar incidentes potencialmente perigosos. A información é adecuada aos usos identificados e ás propiedades da substancia química. Así mesmo, debe ser coherente con calquera escenario de exposición facilitado.

8. Controis de exposición/protección individual

Proporcionase información importante sobre os Valores Límite de Exposición e as medidas de control da exposición. A información se adecúa ás propiedades dos produtos químicos e a todos os usos previstos.

9. Propiedades físicas e químicas

Infórmase sobre as propiedades físicas e químicas básicas da substancia química ou a mestura (como a aparencia, o cheiro, o pH, o punto de ebulición, etc.) que son pertinentes para a clasificación e para os perigos. Tamén sobre as propiedades físicas e químicas que non son pertinentes ou respecto ás que non se dispón de información e o motivo da devandita carencia.



10. Estabilidade e reactividade

Información sobre a estabilidade da substancia ou da mestura, as reaccións perigosas que poderían darse en certas condicións de uso ou

de producirse unha emisión ao medio ambiente, as condicións que deben evitarse, os materiais incompatibles e os produtos de descomposición perigosos.

11. Información toxicolóxica

Esta sección está destinada principalmente a profesionais médicos, profesionais da seguridade e saúde no traballo e toxicólogos e ofrece información detallada sobre as posibles vías de exposición, os síntomas provocados polas características físicas, químicas e toxicolóxicas da substancia, a mestura e/ou o subproduto coñecido e os efectos adversos inmediatos ou retardados, incluídos os efectos crónicos producidos por unha exposición a curto e longo prazo.



12. Información ecolóxica

Descríbense os efectos dos produtos químicos se estes se liberan no medio ambiente e que sucede co produto químico despois da súa emisión ao mesmo (o seu destino final no medio ambiente). O modo en que o produto químico se someteu a ensaios de toxicidade, per-

sistencia e degradabilidade, potencial bioacumulativo e mobilidade no chan, xunto aos resultados dos ensaios, e os resultados dunha avaliación PBT (substancias persistentes, bioacumulables e tóxicas) e mPmB (substancias moi persistentes e moi bioacumulables).

13. Consideracións relativas á eliminación

Esta sección informa sobre a adecuada xestión de residuos da substancia ou mestura e os métodos de tratamento apropiados dos residuos de substancias ou mesturas. Se os residuos inclúen envases contaminados, tamén debería facilitarse asesoramento sobre métodos de tratamento de envases contaminados, segundo proceda.

14. Información relativa ao transporte

Nesta sección da ficha de datos de seguridade facilitarase información básica sobre a clasificación para o transporte ou a expedición por estrada, ferrocarril, mar, vías navegables interiores ou aire das substancias ou as mesturas.

15. Información regulamentaria

Ofrécese información en relación á lexislación sobre seguridade e saúde e sobre medio ambiente específica do produto químico, e se leva a cabo unha valoración da seguridade química (VSQ). Deberá indicarse nesta sección se unha substancia está suxeita a calquera restrición ou autorización.

16. Información adicional

Inclúe a información pertinente que non se incluíu nas seccións anteriores.

Obrigacións específicas da FDS

- a) É obrigatorio contar cunha FDS cando a substancia ou mestura é perigosa (segundo o CLP, DSD ou DPD) ou se considera PBT, mPmB ou SET (de conformidade co Regulamento REACH).
- b) Debe incluír o correo electrónico do proveedor.
- c) Debe estar redactada no idioma do país de exportación e uso.
- d) Unha vez que a substancia se rexistrou no sistema REACH, a ficha de datos de seguridade debe incluír o número de rexistro, así como os usos previstos.

Nota: Se a substancia acadou unha tonelaxe de venta na UE superior a 10 T/ano e rexistrouse no sistema REACH, é necesario engadir nos anexos os escenarios de exposición do ISQ (informe sobre a seguridade química). Esta adición de anexos dá lugar a unha FDS ampliada ou «e-FDS».



Implicacións da normativa que dá soporte ás FDS

Parece interesante destacar unha serie de implicacións que, en forma de obrigacións e responsabilidades, despréndense desta normativa:

- Segundo a normativa, a responsabilidade inicial respecto á elaboración dunha ficha de datos de seguridade é do fabricante ou do importador. Este, no posible, ten que anticiparse aos usos aos que vai destinarse a substancia ou o preparado e prevelos.
- Os importadores ou distribuidores que efectúen un reempaquetado ou un reetiquetado dun produto deben tamén preparar unha ficha de datos de seguridade. En xeral calquera que interveña na cadea de subministración deberá comprobar que a información é adecuada para os seus clientes, antes de transmitila.
- É importante insistir en que a responsabilidade, respecto ao contido dunha ficha de datos de seguridade, é do subministrador do produto perigoso aínda que este non sexa o autor da mesma. Por iso o subministrador debe asegurarse de que a persoa que a prepara está capacitada para facela, e isto debe significar que esa persoa ten os coñecementos e a experiencia necesaria.
- A obrigación de subministrar unha ficha de datos de seguridade é aplicable tanto se o produto químico está empaquetado e, por tanto etiquetado, coma se non o está. Os produtos químicos subministrados

a granel, por exemplo en cisterna ou por conducións, tamén necesitarán unha ficha de datos de seguridade.

- As substancias e preparados que non están clasificados como perigosos non están obrigados por esta normativa.
- Respecto ao receptor (destinatario) da ficha, a información recibida debe permitirle tomar todas aquelas medidas necesarias para protexer aos seus empregados e ao medio ambiente. Estas fichas son obviamente un punto de información moi importante para a prevención do risco químico e deben tratarse como documentos de uso xeral e estar a disposición dos traballadores ou dos seus representantes nos comités de seguridade, así como dos servizos médicos.

Obriga ineludible do empresario/a de informar/formar aos traballadores/as

O RD 374/2001 sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores/as contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo indica no seu artigo 3 que a principal fonte de información que ten o empresario/a para pescudar as propiedades perigosas dos axentes, con obxecto de realizar a avaliación dos riscos derivados da súa utilización, é "a información que deba facilitar o provedor, ou que poida solicitarse deste, e que deberá incluír a FDS". Así mesmo, o artigo 9 do citado RD dispón que "o empresario/a deberá facilitar ás persoas traballadoras ou á súa representación, na forma adecuada, tendo en conta o seu vo-



lume e complexidade, información sobre os axentes químicos perigosos presentes no lugar de traballo, tales como a súa denominación, os riscos para a seguridade e a saúde, os valores límite de exposición profesional e outros requisitos legais que lles sexan de aplicación", aínda que tamén deberá facilitarlles "acceso a toda ficha técnica facilitada polo provedor, conforme ao disposto na normativa sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias e preparados perigosos". As disposicións deste artigo, relativas á obrigación do empresario/a de informar os traballadores/as sobre os riscos debidos aos axentes químicos, insisten en identificar as FDS como a principal fonte de información sobre o perigo dos produtos químicos, pero sinalan a conveniencia de seleccionar a información importante en cada caso e de explicar os datos contidos nas FDS que poidan ser de difícil comprensión para os traballadores/as.

Debido en moitas ocasións ás dificultades para a comprensión, interpretación e/ou valoración dos datos técnicos proporcionados polas FDS, convén como primeiro paso na utilización das FDS, que a empresa asegure, se é preciso mediante unha

breve formación sobre o tema, que o persoal coas competencias citadas comprenda e sexa capaz de interpretar a información contida nas FDS que poidan ter relación coa súa participación nas actividades laborais. Con esta finalidade pode ser útil dispoñer das *Notas Técnicas de Prevención nº 635 Clasificación, envasado e etiquetaxe das substancias perigosas, nº 649 Clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos: RD 255/2003, nº 650 e 651 Clasificación de preparados perigosos para a saúde e o medio ambiente. Método convencional, nº 663 Propieda-*

des fisicoquímicas relevantes na prevención do risco químico, así como do Documento divulgativo do INSHT Guía para a interpretación e utilización das fichas de seguridade química.

Ligazón á [Guía FDS REACH](#).

Ligazón á sección da nosa web [Risco Químico](#).

FONTES:

- NTP 371: Información sobre produtos químicos: Fichas de datos de seguridade.
- NTP 686: Aplicación e utilización da ficha de datos de seguridade na empresa.

INFORMACIÓN TÉCNICA

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

Axentes canceríxenos no traballo. Síntese de directrices da Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo (EU-OSHA)

O cancro tense convertido nas últimas décadas nun dos principais problemas de saúde, especialmente nos Estados industrializados. Na actualidade no marco da UE espérase que case un de cada dous homes e máis dunha de cada tres mulleres sexan diagnosticados de cancro nalgún momento da súa vida. No Estado español diagnósticanse cada ano uns 160.000 novos casos de cancro dos que morren ao redor de 100.000 persoas, constituíndo esta a segunda causa de morte tras as enfermidades cardiovasculares. Unha boa parte destas mortes está provocada polo cancro de orixe laboral consecuencia do traballo.

Principais aspectos

- Un axente canceríxeno é unha substancia que pode causar, agravar ou promover cancro nos seres humanos ou nos animais. Algúns axentes canceríxenos poden ser inalados en canto outros poden penetrar nun organismo através da pel ou das membranas mucosas. A directiva europea e a legislación nacional conteñen definicións máis exhaustivas.



- Non todas as exposicións a axentes canceríxenos provocan inevitablemente cancro: algúns actúan tras unha exposición prolongada de nivel elevado, mentres outros actúan a niveis máis baixos e tras períodos de exposición máis curtos.
- As persoas traballadoras poden estar expostas a varios axentes canceríxenos. Os axentes canceríxenos de orixe profesional máis coñecidos inclúen o amianto, o radon, certos pesticidas, o ácido arsénico e o fume do tabaco.
- Moitos dos axentes canceríxenos aos que as persoas traballadoras están expostas con máis frecuencia son producidos por procesos de traballo, por exemplo, os gases de escape de motores a diesel, os fumes de soldadura, o pó de sílice cristalina respirable e o pó de madeiras duras. Os axentes canceríxenos poden igualmente estar presentes en materias primas (incluíndo impurezas), substancias intermedias, produtos ou subprodutos.
- Os efectos da exposición a axentes canceríxenos poden ocorrer moito despois da exposición.
- Nos termos da lexislación da Unión Europea (UE), as entidades patronais (empresariais) deben adoptar medidas especialmente rigorosas, en complemento das esixidas para outras substancias perigosas, a fin de evitar danos: a eliminación da exposición ou, cando tal eliminación non fose posible, a aplicación dun rigoroso procedemento de subs-

titución, o mantemento do axente canceríxeno nun sistema pechado, o rexistro das exposicións e a implementación de requisitos máis rigorosos en materia de información e documentación, constitúen actuacións imprescindibles.

- Os regulamentos estatais conteñen disposicións exhaustivas no campo da seguridade e a saúde no traballo (SST) aplicables á xestión de axentes canceríxenos. Así, recoméndase intensamente que os requisitos dos Estados sexan completamente clarificados.



Avaliación dos riscos nos lugares de traballo

As entidades patronais deben avaliar os riscos de exposición aos axentes canceríxenos e definir medidas preventivas que teñan en conta todos os medios de exposición posibles (incluíndo, a exposición cutánea) e que inclúan o almacenamento de produtos químicos e de residuos. Deben proporcionar información ás autoridades por exemplo, sobre as actividades, as cantidades, as exposicións, o número de traballadores/as expostos ou as medidas pre-

ventivas. Así mesmo, débese prestar especial atención ás persoas particularmente expostas e ás mesturas producidas como subprodutos dos procesos de traballo (https://oshwiki.eu/wiki/Process-generated_contaminants) (tales como fumes de soldadura ou pos procedentes do corte de pedra ou do procesamento de madeiras duras). As avaliacións dos riscos deben ser revisadas periodicamente, sobre todo cando ocorran alteracións nos lugares de traballo susceptibles de introducir axentes canceríxenos:

- Alteracións da composición dos produtos utilizados;
- Novos produtos: a toxicidade de calquera novo produto debe ser avaliada antes da súa introdución no mercado;
- Alteracións dos procesos ou métodos de traballo.

Os axentes actualmente considerados aceptábeis poden posteriormente ser recoñecidos como canceríxenos tras novos estudos.

Información sobre riscos

As fichas de datos de seguridade (FDS) (https://oshwiki.eu/wiki/Safety_Data_Sheet) e as etiquetas describen os perigos asociados ás substancias químicas ou aos produtos químicos e proporcionan información sobre a manipulación, o almacenamento, as medidas de emerxencia en caso de accidente, os usos identificados da substancia, as condicións de funcionamento e as medidas de xestión dos riscos. Unha ficha de datos de seguridade (FDS) non é unha avaliación dos riscos. As entidades



patronais deben adaptar as medidas recomendadas ás condicións específicas de cada lugar ou posto de traballo. Non en tanto, non todas as substancias teñen fichas de datos de seguridade, e, mesmo para as que as teñen, pode ser necesaria información suplementaria. As entidades patronais poden:

- Consultar documentación técnica, instrucións de utilización e bases de datos con información sobre os riscos das substancias químicas (tales como as bases de datos da Axencia Europea dos Produtos Químicos (<http://echa.europa.eu/web/guest/information-on-chemicals>), e literatura técnica e científica;
- Pedir información a entidades técnicas de información especializada.;
- Consultar cos servizos de prevención (SST);
- Procurar consello das asociacións comerciais, das cámaras de comercio, dos sindicatos ou dos servizos de seguridade social;
- Contactar coas autoridades competentes.

Xerarquía das medidas de prevención no que respecta aos axentes canceríxenos

A exposición dos traballadores/as debe ser evitada a través da aplicación de medidas de acordo cunha orde de prioridade definida:

- A eliminación é sen dúbida a medida máis eficaz e esta pode acadarse a través da alteración da tecnoloxía utilizada ou das características do produto final, a fin de voltar innecesaria a utilización de axentes canceríxenos.
- A substitución significa substituír a substancia perigosa ou o produto perigoso por unha substancia máis segura ou un produto ou proceso máis seguro. Non debe conducir a outros perigos nin a niveis de risco inaceptábeis.
- Se a substitución non fose tecnicamente posíbel, a entidade patronal debe utilizar un sistema tecnolóxico pechado.
- Se a utilización dun sistema pechado non fose tecnicamente posíbel, a entidade patronal debe reducir ao mínimo o nivel de exposición.
- Se existise risco para as persoas traballadoras, as zonas de risco deben ser accesíbeis só ás persoas traballadoras que teñan que entrar nelas, por forza do seu traballo ou das súas funcións.
- Se se utilizase un axente canceríxeno, a entidade patronal debe:
 - ✓ Limitar a cantidade do axente canceríxeno;
 - ✓ Limitar ao mínimo o número de persoas traballadoras expostas;
- ✓ Concibir procesos de traballo para minimizar a liberación da substancia (ou sexa, utilización de medidas de prevención colectivas);
- ✓ Utilizar métodos adecuados de medición de axentes canceríxenos (nomeadamente de detección precoz de exposicións anormais debidas a incidentes imprevisibles ou accidentes);
- ✓ Utilizar medidas de protección individual, no caso de que as medidas de protección colectiva non sexan suficientes;
- ✓ Delimitar claramente as zonas de risco e utilizar sinalización adecuada de aviso e seguranza;
- ✓ Utilizar recipientes herméticos e rotulados de forma clara para almacenamento, manipulación, transporte e eliminación de residuos.
- ✓ Extraer os axentes canceríxenos da fonte, a través de ventilación por extracción.
- A exposición non pode, en caso algún, exceder o valor-límite de exposición profesional - se este existe-, dun axente canceríxeno.



A entidade patronal debe asegurar as condicións de hixiene adecuadas (para minimizar o risco de contaminación). As medidas e as condicións deben ser gratuítas para os traballadores/as e incluír:

- A prohibición de comer, beber ou fumar en zonas onde se verifique risco de contaminación;
- Proporcionar o vestiario de protección axeitado (EPI) e prever dous locais diferenciados para vestiario de traballo, por unha banda, e vestiario normal, por outro;
- Acceso ás instalacións sanitarias e de hixiene apropiadas;
- A dispoñibilidade de equipamento de protección adecuado, coas dimensións correctas, limpo, inspeccionado e tratado, así como almacenado nun local determinado.

Límites de exposición profesional (VLE) e monitorización

Estado de vixencia dos límites de exposición profesional para as substancias canceríxenas.

Esta información debe estar incluída nas fichas de datos de seguridade (FDS). Non en tanto, o cumprimento dos límites de exposición profesional debe ser considerado un requisito mínimo e deben facerse os esforzos necesarios para reducir a exposición por baixo dese valores, na medida do posible. A monitorización de axentes canceríxenos debe formar parte da estratexia de xestión dunha empresa, no que respecta ás substancias canceríxenas, e incluír

avaliacións periódicas da eficacia das medidas de control.

Mantemento e incidentes

Se estivesen previstas tarefas susceptíbeis de unha exposición temporal maior, e esas tarefas non puidesen ser evitadas (por exemplo, no ámbito do mantemento), as entidades patronais deben informar ás persoas traballadoras e aos seus representantes sobre as medidas de prevención adecuadas que serán adoptadas para minimizar a exposición e controlar o acceso. As entidades patronais deben informar ás persoas traballadoras e aos seus representantes sobre calquera incidente de exposición anormal, tan rapidamente como sexa posible. Só deben ser autorizados a traballar na zona afectada traballadores/as con protección adecuada e que sexan esenciais para os traballos de reparación. As exposicións non deben ser permanentes e deben ser minimizadas. As medidas en vigor deben incluír planes para tratar con situacións de emerxencia que impliquen axentes canceríxenos, así como unha



formación pertinente, realización de exercicios periódicos e disposición dos medios de intervención necesarios.

Vixilancia da saúde

Os Estados membros establecerán medidas para asegurar a vixilancia da saúde das persoas traballadoras (antes da exposición, posteriormente, a intervalos regulares e, a veces, mesmo tras o remate total dos traballos con exposición). Se un traballador/a tivese problemas de saúde que poidan ser provocados pola exposición a axentes canceríxenos, podería ser necesario vixiar a saúde doutros traballadores/as que tamén estivesen expostos, debendo ser reavaliados os riscos. Deben ser mantidos no tempo os expedientes individuais de saúde dos traballadores/as implicados. Estes deben ter acceso aos seus datos persoais e recibir información relativa á vixilancia médica á que poidan ser sometidos tras o remate das exposicións. Os traballadores/as ou a entidade patronal poden pedir a revisión dos resultados da vixilancia médica.

Notificación e mantemento de rexistros

As entidades patronais deben manter unha lista actualizada das persoas traballadoras expostas e dar acceso aos datos, mediante petición, a persoas autorizadas (médicos, autoridades pertinentes, persoas traballadoras e a súa representación). A autoridade competente debe ser notificada de todos e cada un dos casos de cancro de orixe profesional. Os rexistros deben ser mantidos durante, polo menos

40 anos tras o remate da exposición e ser trasladados á autoridade competente no caso de que a empresa cese a actividade.

Medidas destinadas ás persoas traballadoras de maior risco

Ao realizar unha avaliación dos riscos, as entidades patronais deben prestar especial atención a algúns grupos de traballadores/as:

- De acordo coa Directiva 94/33/CE relativa á protección das persoas mozas no traballo, estas non deben traballar en condicións que as expoñan a axentes canceríxenos;
- A Directiva 92/85/CEE relativa á implementación de medidas destinadas a promover a melloría da seguridade e da saúde das traballadoras embarazadas establece que as entidades patronais deben avaliar todos os riscos, así como a súa repercusión sobre o embarazo ou a lactación e adoptar as medidas adecuadas para a total protección, por exemplo, colocar ás mulleres embarazadas ou lactantes a traballar noutro local ou concederlles unha dispensa de traballo;



- Traballadores/as que poidan ter dificultade en comprender orientacións ou formación, por exemplo, traballadores/as migrantes ou traballadores/as novos;
 - Traballadores/as que executan traballos de mantemento e traballadores/as subcontra-
- tados. Estes traballadores/as deben recibir formación específica para as súas necesidades e ser abranguidos por medidas de prevención axeitadas.
- Fonte: Folla Informativa: Axentes canceríxenos no traballo (OSHA).*

INFORMACIÓN

Gabinete Técnico Confederado de Saúde Laboral

Real Decreto 427/2021, do 15 de xuño, polo que se modifica o Real Decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección das persoas traballadoras contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

Mediante este real decreto lévase a cabo a transposición da Directiva (UE) 2019/130 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de xaneiro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2004/37/CE relativa á protección das persoas traballadoras contra os riscos relacionados coa exposición a axentes carcinóxenos ou mutáxenos durante o traballo.

Esta directiva engade no seu **Anexo I** á lista de substancias, mesturas e procedementos, os traballos que supoñan exposición cutánea a aceites minerais previamente utilizados en motores de combustión interna para lubrificar e refrixerar os elementos móbiles do motor e os traballos que supoñan exposición a emisións de motores diésel; e no **Anexo III** amplíase a listaxe de axentes, algún deles (desgraciadamente non todos) co seu correspondente valor límite.

Debido a estas circunstancias resulta necesario modificar novamente o Real Decreto 665/1997, do 12 de maio, para dar cumprimento á obriga

de incorporar o contido da Directiva (UE) 2019/130 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de xaneiro de 2019, actualizando os seus Anexo I, para engadir novos traballos, e o Anexo III, para incorporar os novos axentes da directiva, algúns co seu correspondente valor límite.

Coa modificación do real decreto aumentará o nivel de protección da saúde e a seguridade das persoas traballadoras no traballo, dado que a implantación de valores límite para determinados axentes canceríxenos ou mutáxenos contribuirá a reducir de maneira significativa os riscos derivados destas exposicións.

*En relación aos axentes pendentes do establecemento de valores límites de exposición, xustifícase esta circunstancia no texto do decreto afirmando que estes están pendentes da confirmación de maiores evidencias científicas que acrediten suficientemente o seu nivel de nocividade e as vías de contaminación. Este argumento é tan só unha media verdade e unha treta utilizada sistematicamente polas organizacións empresariais para forzar o retraso e aplicación das restricións de exposición e a aplicación das medidas de prevención preceptivas, xa que a toxicidade destes axentes sen valor límite de exposición asignado neste decreto lei é moito máis que sospeitosa, sendo cando menos necesario establecer (algo que non se fai) baixo o **criterio de precaución** as cautelas e as obrigatorias medidas preventivas necesarias para rebaixar substancialmente os niveis de exposición dos traballadores/as durante este período de transición como único medio de garantirlles unha mínima e imprescindible protección fronte a estes perigosos produtos.*

O real decreto consta de preámbulo, dun artigo único, dunha disposición derogatoria e de tres disposicións finais. No seu artigo único procédeuse a modificar os Anexos I e III do Real Decreto 665/1997, do 12 de maio.

No **Anexo I** engádense á lista de substancias, mesturas e procedementos, os traballos que supoñan exposición cutánea a aceites minerais previamente utilizados en motores de combustión interna para lubrificar e refrixerar os elementos móbiles

do motor e os traballos que supoñan exposición a emisións de motores diésel.



No **Anexo III** engádense os seguintes axentes, algúns co seu correspondente valor límite:

Tricloroetileno; 4,4'-Metilendianilina; epiclorohidrina; dibromuro de etileno; dicloruro de etileno; emisións de motores diésel; mesturas de hidrocarburos aromáticos policíclicos, en particular os que conteñen benzo [a]pireno e son axentes canceríxenos e, por último, aceites minerais previamente utilizados en motores de combustión interna para lubrificar e refrixerar os elementos móbiles do motor.

Para as **emisións de motores diésel** inclúense as medidas transitorias establecidas na directiva que agora se traspón. Así, o valor límite aplicarase a partir do 21 de febreiro de 2023, excepto para a minería subterránea e a construción de túneles nas que o valor límite aplicarase a partir do 21 de febreiro de 2026.

Para as **mesturas de hidrocarburos aromáticos policíclicos**, en particular os que conteñen benzo [a]pireno e son axentes canceríxenos, pero aos que de acordo coa directiva que agora se traspón non se asigna de momento un valor límite xa que están pendentes novas in-

vestigacións para avaliar a necesidade do mesmo, asígnase a notación «pel» debido á posibilidade dunha absorción significativa destas mesturas a través da pel.

Para os **aceites minerais previamente utilizados en motores de combustión interna** para lubrificar e refrixerar os elementos móbiles do motor, aos que tamén se asigna a notación «pel» debido á posibilidade dunha absorción significativa destas mesturas a través da pel, o considerando 15 da directiva indica que «é posible usar unha

serie de mellores prácticas para limitar a exposición cutánea, entre as que se atopan a utilización de equipos de protección persoal, por exemplo luvas, e a retirada e limpeza da roupa contaminada».

Ligazón ao apartado [Lexislación Específica Axentes Canceríxenos e Mutáxenos](#) da nosa páxina web.



SABÍAS QUE..?

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

Nanotecnoloxía: un risco de difícil prevención

Os *nanomateriais son materiais que se caracterizan por ter polo menos unha das dimensións externas na nanoescala, denominándose nano-obxectos, ou ben a estrutura interna ou a superficial en devandita escala, designándose materiais nanoestruturados. Os nano-obxectos reciben diferentes nomes dependendo do número das dimensións externas que teñan na escala nanométrica: en caso de ter unha, coñécense como nanoplacas, por exemplo, o grafeno; se teñen dous, denomínanse de forma xeral nanofibras, como poden ser os nanotubos de carbono; e, se dispoñen de tres, designanse como nanopartículas, por exemplo, as nanopartículas de prata.*

Estes novos materiais caracterízanse por ter propiedades únicas e diferentes ás do mesmo material en escala micrométrica, o que fai que xeren un gran interese a nivel industrial. Presentan numerosas aplicacións en diversos sectores de actividade.

A manipulación dos nanomateriais ou dos produtos que os conteñan pode levar á liberación de partículas nanométricas ao

ambiente e, por tanto, xerar unha potencial exposición para as persoas traballadoras. Así entón, do mesmo xeito que calquera axente químico, de acordo co Real Decreto 374/2001 sobre a protección da saúde e a seguridade das persoas ras contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo, débense avaliar os riscos para a súa saúde e



seguridade orixinados polos nanomateriais. Para iso, poden utilizarse metodoloxías que permitan avaliar a exposición por inhalación dos mesmos, como son as metodoloxías cualitativas e as cuantitativas.

Os métodos cualitativos son unha ferramenta complementaria aos métodos cuantitativos. Resultan de interese nos casos en que o axente químico non ten establecido un valor límite ambiental como ocorre cos nanomateriais no Estado español. Estes métodos baséanse en recompilar os datos relativos ás características fisicoquímicas do axente químico e á potencial exposición ao mesmo, para obter bandas de control que levan asociadas diferentes medidas de control. Un aspecto a considerar na aplicación deste tipo de metodoloxías é que para moitos nanomateriais non se dispón de información toxicolóxica específica e tampouco dos datos necesarios para determinar a banda de exposición, polo que os resultados tenden a ser conservadores, asignando niveis de risco superiores. Por iso, resulta necesario validar estes métodos coas metodoloxías cuantitativas.


Así as cousas, non cabe dúbida que os avances experimentados no campo da nanotecnoloxía e a cada vez máis ampla utilización de nanomateriais en moitos sectores industriais supoñen un reto importante no ámbito da prevención de riscos laborais. A utilización dun número cada vez maior de nanomateriais xunto cun preocupante limitado nivel de coñecementos sobre os riscos de seguridade e saúde dos

mesmos, fai necesario reconsiderar a avaliación de riscos e a eficacia das medidas preventivas aplicadas habitualmente nos lugares de traballo con exposición a axentes químicos.

O documento *“Seguridade e saúde no traballo con nanomateriais”*, foi elaborado por técnicos do INSST, no que se recollen os coñecementos actuais sobre os aspectos máis relevantes en materia preventiva, incluíndo recomendacións para a avaliación de riscos e a aplicación de medidas preventivas.


Proliferación e uso dos nanomateriais

Os produtos con nanotecnoloxía aplicada xa son unha realidade nos andeis dos comercios: electrónica, cosméticos, téxtiles, limpeza, materiais de deportes, todo tipo de utensilios de cociña, pavimentos, materiais de construción, comida, automoción, baterías, pinturas, etc. En definitiva están presentes en todos os sectores e hai unha extraordinaria previsión de crecemento. O valor económico deste mercado nano acada xa unas cifras de máis de 3 billóns de dólares.



Esta extraordinaria proliferación fundaméntase no feito de que a nanotecnoloxía está a ofrecer solucións a moitos dos problemas que afectan á sociedade, achegando solucións a cuestións que

antes eran dificilmente superables. Así as cousas, en moitas áreas de produtos de consumo ou materiais industriais, os nanomateriais están a contribuír significativamente na consecución de obxectivos estratéxicos de futuro tales como o crecemento intelixente, o desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación, etc.



- Moitas nanopartículas debido ao seu pequenísimo tamaño pasan, por vía olfactiva, directamente ao cerebro; ou que ao ser inhaladas, pasan do alvéolo ao torrente sanguíneo e de aí poden translocarse a calquera órgano e célula do corpo; algúns nanomateriais, como o grafeno, traspasan a membrana nuclear.

Un risco real difícil de combater

Mais se isto está a acontecer, non é menos certo que os efectos adversos producidos polos nanomateriais e nanopartículas, sobre a saúde das persoas e sobre o medio ambiente supoñen na práctica un risco real de gran alcance difícil de combater coa eficacia necesaria, debido a que estas sustancias presentan un comportamento distinto a escala nano (de 0 a 100 nanómetros), téndose constatado que:

- Os materiais nano (10⁻⁹ m) compórtanse de modo diferente aos mesmos materiais en forma macroscópica ou microscópica (10⁻⁶ m).
- Os nanomateriais interaccionan con sistemas biolóxicos. As investigacións realizadas agora poñen de manifesto que algúns nanomateriais e nanopartículas supoñen un perigo para a saúde humana, así por exemplo, algúns nanotubos de carbono a efectos de prexuízos para a saúde compórtanse como o fai o amianto.

- Os valores límite de exposición das substancias coñecidas (a nivel macro) non son aplicables ás mesmas substancias en forma nano; o que fai que o coñecemento sobre a toxicoloxía dunha substancia a tamaño macro non sexa aplicable a escala nano, de tal xeito que se fai necesario e imprescindible que o seu impacto sobre a saúde e o medio ambiente deba ser avaliado e ponderado por separado para cada nanomaterial ou nanopartícula.

O exemplo do dióxido de Titanio (TiO₂)

Nestas cuestións radica un dos problemas fundamentais para a manipulación e incorporación segura destes nanomateriais ás cadeas de consumo trala súa incorporación nos posibles distintos produtos. Para visualizar mellor esta problemática tomamos por exemplo o caso do dióxido de titanio (TiO₂). Aínda que tradicionalmente o dióxido de titanio (TiO₂) foi considerado como un produto de baixa toxicidade, nos últimos anos esta visión de baixa toxicida-

de mudou radicalmente, xa que tras diversos estudos a *Axencia Internacional de Investigación sobre o Cancro* (IARC) clasificou o TiO_2 no grupo de carcinóxenos 2 B (posible carcinóxeno para humanos). Doutra banda o NIOSH (*Instituto Nacional de Seguridade e Saúde Ocupacional de EEUU*), tras unha actualización da información dispoñible sobre os efectos na saúde por exposición ocupacional, clasificou o nano TiO_2 como potencial carcinóxeno ocupacional e por primeira vez, recomendou diferentes valores de exposición ocupacional para un mesmo material (TiO_2) baseados no tamaño da partícula (Táboa1): Tabla1. VLA-ED (Valor Limite Ambiental-Exposición Diaria) del TiO_2 .

COMPOSICIÓN	TAMAÑO DE PARTÍCULA	VLA-ED
TiO_2	>100nm	2,4 mg/m ³
TiO_2	<100nm	0,3 mg/m ³

Fonte: NIOSH (2011)

Así as cousas, **a consideración do tamaño da partícula na avaliación da exposición supón un verdadeiro cambio de paradigma na xestión do risco laboral, que ten unha implicación directa e transcendente na avaliación da exposición.**

O caso do dióxido de titanio (TiO_2) non é nin moito menos un caso illado, o que implica que é urxente e perentorio abordar sen dilación como se vai xestionar e regular a nivel europeo e a escala mundial o risco dos nanomateriais.

A insuficiencia preventiva do actual marco regulatorio

Hoxe por hoxe en Europa xa existe un recoñecemento moi maioritario sobre que o actual marco regulatorio de seguridade química referenciado no REACH resulta insuficiente para abordar os riscos asociados aos nanomateriais.

Estas circunstancias no seu conxunto fan que exista unha alta preocupación non só na sociedade, senón tamén entre os sindicatos e as propias administracións por garantir a seguridade e saúde das persoas e do medio ambiente. Neste senso, por unha banda a propia OCDE ten recomendado aos seus Estados membros adaptar os seus marcos regulatorios aos riscos derivados das propiedades específicas dos nanomateriais; e por outra que se estea levando a acabo un proxecto denominado NANOFORCE no que diferentes asociacións estatais e rexionais da industria química e centros de I+D de Centroeuropa nutridos con fondos europeos, están a cooperar para impulsar redes sectoriais innovadoras adicadas á mellora da seguridade, a saúde e o medio ambiente en relación aos riscos derivados da nanotecnoloxía. Consecuencia do traballo realizado xa se ten publicado unha serie de recomendacións para a Comisión Europea para facilitar unha “regulación nano” e avaliar a regulación europea vixente.

Deste xeito enténdese que ata a propia OCDE, o pasado 31 de outubro, recomendase aos seus países membros adaptar os seus marcos regulatorios ás propiedades específicas dos

nanomateriais, ou que se fraguase un proxecto como NANOFORCE, onde diferentes asociacións estatais e rexionais da industria química e centros de I+D da área centroeuropea, con financiamento de fondos europeos de desenvolvemento rexional, cooperen para impulsar redes sectoriais innovadoras en nanotecnoloxía e para mellorar o coñecemento sobre os aspectos de seguridade e saúde humana e ambiental relacionados cos nanomateriais. Froito deste traballo, Nanoforce¹ acaba de publicar as recomendacións sobre regulación nano, para a Comisión Europea (CE), co fin de “avaliar a aplicabilidade da regulación europea vixente”. Nas recomendacións publicadas explíctase que o risco potencial resultado da exposición a nanomateriais é especialmente relevante para aqueles que producen ou utilizan nanomateriais no seu lugar de traballo, ben sexa en centros de investigación ou na industria.

Das conclusións para a elaboración de follas de seguridade e de avaliación de escenarios de exposición, cabería destacar o seguinte:

- Poden existir diferenzas, entre a forma macro e a forma nano dunha mesma substancia química, na maneira de interactuar cos sistemas biolóxicos.
- Incluso as nanosubstancias poden presentar propiedades toxicolóxicas diferentes dependentes do tamaño da nanopartícula. Iso débese ao feito de que os parámetros

estruturais das nanopartículas poden influír máis nas propiedades dun nanomaterial, que a súa composición.

- Por tanto, para o caso das nanosubstancias, as variables como o tamaño, a forma, a composición química, a reactividade superficial, a biopersistencia, etc., necesitan ser ben caracterizadas utilizando procedementos estandarizados.
- Por se isto non fose pouco, hai que engadir unha nova complicación e é que cada etapa do ciclo de vida do nanomaterial pode converterse nun perigo para a exposición humana. E ademais, a forma física en que se presenta o nanomaterial (en po, dentro dunha matriz sólida ou adherido a un substrato) ten os seus propios patróns de exposición e debe ser caracterizada ao longo do ciclo de vida do produto.
- Así mesmo, tanto o método de exposición (inhalación, ingestión ou por contacto coa pel), como a resposta e sensibilidade das células expostas, son factores adicionais significativos.



¹ Nanoforce está constituído por: Alemaña, Austria, Eslovaquia, Eslovenia, Italia, República Checa e Polonia.

A abordaxe da problemática e os riscos asociados ao emprego de nanomateriais necesita respon-

der axeitadamente a unha serie de cuestións de importante calado e consecuencias:

- Como ordenar e estruturar toda a información dispoñible para que sexa asequible e utilizable?
- Como extraer recomendacións concretas e ferramentas útiles aplicables para resolver os problemas e os riscos asociados ao uso de nanomateriais?
- Podemos identificar plenamente todos aqueles sectores e subsectores que utilizan nanomateriais nos seus produtos ou procesos de produción?
- Os dispositivos de prevención de riscos poden seguir actuando como ata agora ou deben poñer en marcha de forma inmediata procedementos e métodos de identifica-

ción e control do risco derivado do uso de nanomateriais?

Actualmente sectores que xa utilizan nanomateriais nos seus procesos de produción son entre outros: automoción e transporte, agroalimentario, construción, enerxético, potabilización de augas, tratamento de chans, cosmética, saúde, medicina, biotecnoloxía, TIC's, téxtil, seguridade, etc.

Fontes:

- ✓ *Avaliación da exposición laboral a nanomateriais: 1- Dióxido de titanio (INSST).*
- ✓ *Prevención Integral.*
- ✓ *NIOSH (Instituto Nacional de Seguridade e Saúde Ocupacional de EEUU).*
- ✓ *EU-OSHA (Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo).*

ANÁLISE-OPINIÓN

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

Sindicalismo e prevención

Vai xa moito tempo que se sabe con certeza que a participación dos traballadores/as na mellora das súas condicións de traballo, constitúe un elemento fundamental e insubstituíble na mellora real da seguridade, a prevención de accidentes e a saúde laboral no camiño da consecución dunhas mellores condicións de vida. Como entón renunciar a participar plenamente nesta área estratéxica e fundamental da actividade e a acción sindical?

A lexislación actual en materia preventiva emanada e enmarcada na lexislación europea en materia de seguridade e saúde laboral, habilita como preferente e prioritaria a participación dos traballadores/as e as súas organizacións representativas nas diferentes modalidades organizativas previstas pola lei a fin de facilitar a

súa implicación na xestión da prevención de riscos laborais, promover a implantación de medidas preventivas e en definitiva poder incidir na mellora da seguridade e as condicións de traballo, como parte do dereito fundamental e innegociable a desenvolver a súa actividade laboral dunha forma digna e segura.

Diversos estudos e traballos científicos promovidos polos sindicatos do Reino Unido, TUC (Trade Unión Confederation), teñen evidenciado que a actividade dos sindicatos de clase en materia preventiva realizada polos seus delegados/as, afiliados e as súas estruturas técnicas de apoio e asesoramento en materia de prevención, inflúen e repercuten moi positivamente na mellora da seguridade e das condicións de traballo nas empresas, propiciando o que se deu en chamar “o efecto sindicato”, que demostra que cando nas empresas existen delegados/as, afiliados/as apoiados por estruturas técnicas de prevención das organizacións sindicais, multiplícanse as intervencións e propostas de mellora das políticas e actuacións de prevención de riscos laborais nas empresas, con resultados significativamente máis positivos que cando estas estruturas non existen nin participan.



EFFECTOS CONSTATADOS DA PARTICIPACIÓN SINDICAL NA PREVENCIÓN

Neste senso diversos estudos posteriores conseguiron identificar os elementos positivos máis significativos que se producen nas empresas como consecuencia da participación activa dos sindicatos de clase na identificación dos riscos e

nos posteriores procesos e actividades preventivas, a saber:

- As empresas nas que actúan preventivamente as condicións de traballo melloran significativamente.
- Os salarios incrementáanse progresivamente.
- Cúmrese máis a normativa en materia de prevención de riscos laborais.
- Prodúcense menos accidentes de traballo.
- Cando acontece un incidente ou un accidente, estes comunícanse e abórdanse dun xeito mellor e máis efectivo.
- A Inspección de Traballo actúa na empresa dun modo máis frecuente e esixente co cumprimento da normativa preventiva.
- No cómputo xeral desenvólense máis actividades e iniciativas preventivas que no resto.
- Promóvese e realízase unha maior e mellor actividade formativa dos traballadores/as en materia preventiva.
- Desenvólvese, asúmese e intégrase progresivamente unha maior e mellor cultura preventiva, tanto da empresa como dos traballadores/as.
- A actividade sindical en materia de prevención provoca que se incorporen e activen actividades preventivas destinadas a actuar contra un maior número de riscos máis aló dos que poderían ser considerados como tradicionais, tais como: riscos organizativos, riscos psicosociais, riscos químicos, ergonómicos, medioambientais, ...

Sen dúbida algunha, alí onde os/as delegados/as sindicais e de prevención actúan xunto cos afiliados/as co apoio dos Gabinetes Técnicos de Prevención das organizacións sindicais, as condicións de traballo desas empresas sempre rematan por ser significativamente mellores. Incrementar a visibilización dos problemas de seguridade das empresas, axuda extraordinariamente a un mellor coñecemento e concienciación sobre os mesmos, tanto das estruturas de dirección como dos traballadores/as, incrementándose os niveis de implicación e participación na procura de solucións e implantación de medidas preventivas eficientes e eficaces.

DIFICULTADES E ATRANCOS

Resulta evidente que na maioría das veces a intervención preventiva de delegados/as e/ou afiliados/as non é simple nin doada de realizar, debido en moitas ocasións ás dificultades e atrancos que presentan as empresas e tamén á complexidade e dificultade técnica que en moitos casos plantexa a axeitada solución dos riscos e problemas preventivos a solventar. Nestas ocasións, para unha gran parte das mesmas, resulta fundamental a actuación e intervención dos servizos técnicos de asesoría e apoio técnico.

Atrancos máis comúns cos que se atopa a actividade preventiva sindical:

- A extraordinaria precariedade laboral que afecta a unha parte importante das persoas traballadoras, condicionadas por altos graos de temporalidade e inseguridade laboral in-

tercalados con longos períodos de desemprego, nin facilita nin favorece a implicación e participación dos traballadores/as nas actuacións preventivas dentro dunhas empresas que en moitos casos non só non a facilitan, senón que a dificultan todo o que poden incumprindo flagrantemente a lexislación vixente nesta materia.

- Tecidos produtivos con empresas dunha pequena ou moi pequena dimensión, en moitos casos sen representación sindical e sen apenas actividade preventiva.
- Desenvolvemento empresarial dunha actividade preventiva esencialmente formal e baleira de contido real que fai que a actividade preventiva sexa dunha mínima calidade.
- A redución da actividade preventiva a aspectos exclusivamente de seguridade limitan extraordinariamente a eficiencia e o alcance da prevención nas empresas.
- A falta de recursos públicos de inspección (ITSS) en materia de prevención de riscos laborais e/ou a baixa actividade e nivel de existencia dos mesmos coas empresas incum-



plidoras, dificultan extraordinariamente os avances que se poderían producir nestas en materia preventiva.

- As actuacións sistemáticas e permanentes das Mutuas en contra dos intereses e a saúde das persoas traballadoras, defendendo a toda costa e en exclusiva os intereses das empresas (quen lles pagan), incluso realizando e adoptando decisións medicamente mal fundamentadas e altamente cuestionables que prexudican a saúde e os dereitos das persoas traballadoras, constitúen un importantísimo elemento que distorsiona gravemente a implementación de auténticas políticas de prevención en empresas que incumpren a lexislación preventiva impunemente e non corríxen as eivas e carencias que en materia de prevención afectan gravemente ao conxunto dos seus traballadores/as.



- Falta de compromiso empresarial e das súas estruturas de dirección coas políticas de prevención, que seguen a ver a prevención como un gasto económico oneroso e non como unha inversión altamente rendible en termos sociais e de competitividade empresarial.
- Servizos externos de prevención allea (SPA) que proporcionan ás empresas unhas prestacións preventivas altamente deficientes e de baixa calidade, debido en gran medida á necesidade que teñen de competir a uns moi baixos custos nun mercado mal regulado e completamente desequilibrado.
- Baixos niveis de integración da actividade preventiva na gran maioría das empresas, o que impide o desenvolvemento e consolidación dunha auténtica cultura preventiva que en definitiva é a que a medio prazo podería dar uns resultados consolidados e realmente positivos en materia de prevención.
- A excesiva frecuencia coa que as empresas retrasan, dificultan, sesgan ou incluso impiden a transmisión de información preventiva á que teñen dereito os delegados/as de prevención, incumprindo reiteradamente a lexislación vixente nesta materia.
- A anulación dos canles de comunicación entre traballadores e empresa e/ou o rexeitamento á opinión e posicionamentos preventivos expresados polos traballadores/as e os seus representantes, circunstancia esta que habitualmente vén asociada á redución ou minoración do dereito de participación.

A IMPORTANCIA DOS SERVIZOS TÉCNICOS DE PREVENCIÓN DOS SINDICATOS COMO ELEMENTOS DE ASESORAMENTO E APOIO

A complicada realidade anteriormente descrita chea de atrancos e dificultades, debulla a existencia frecuente duns contextos con problemas de relacións laborais de distinto alcance, índole e intensidade, fronte aos que os delegados e delegadas de prevención, os delegados/as sindicais e os propios traballadores/as necesitan do apoio técnico, os recursos e o asesoramento que se lles proporciona dende os Servizos Técnicos de Prevención das organizacións sindicais, baixo o formato no que estes estean constituídos.

Frecuentemente esta axuda e apoio técnico proporcionado polos Gabinetes dos sindicatos resulta imprescindible para contrarrestar e combater eficazmente as situacións adversas nas que estes traballadores/as deben plantexar as súas apreciacións, esixencias de información, propostas preventivas ou denuncias, en moitos casos realizadas baixo presión e ameazas das contornas empresariais ou da indiferencia e parcialidade das mutuas colaboradoras da seguridade social ao seu servizo.

Dende os servizos de prevención de riscos laborais das organizacións sindicais e dende os seus Gabinetes, na maioría das ocasións proporciónase ás persoas traballadoras necesarios e acaídos planes de formación en materia de prevención de riscos e saúde laboral, préstaselles asistencia técnica e asesoramento preventivo personalizado, acompañamento nos procesos e procedementos de tramitación, xestión ou de-



nuncia fronte os organismos públicos competentes na materia, e realízanse con frecuencia campañas de sensibilización e información en materia de prevención de riscos e saúde laboral, proporcionando aos traballadores e traballadoras unha base de traballo e acompañamento para a súa participación activa e efectiva nas políticas de prevención da empresa, na seguridade dos seus postos de traballo, na defensa da súa saúde e os seus dereitos fundamentais, e en definitiva en algo tan básico, imprescindible e irrenunciable dentro da acción sindical como é a mellora substancial das súas condicións de traballo.

Así as cousas e segundo indican todos os estudos e datos existentes, a actividade dos Servizos Técnicos de Prevención das organizacións sindicais aportan un apoio esencial e imprescindible para que os representantes dos traballadores/as e as propias persoas traballadoras poidan dispoñer de coñecemento, información, argumentación técnica e recursos de apoio e asesoramento para poder realizar a súa laboura de negociación, esixencia e reclamación de mellores na súa seguridade, saúde laboral e condicións de traballo a pesares dos múltiples axen-

tes e factores do sistema que pretende eliminar ou minimizar a súa capacidade para obter e defender eses os seus dereitos.

As condicións de traballo, a calidade e seguridade en como este se presta, forma xa a estas alturas unha parte absolutamente esencial e irrenunciable das reivindicacións e prioridades de acción sindical de calquera sindicato de clase que poida recibir tal denominación. Ás veces asombra comprobar como aínda xa ben sobrepasado o século XX segue a haber traballadores/as ou incluso cadros sindicais que dende a

súa inexplicable ignorancia e cerrazón, menosprezan, minusvaloran ou simplemente non consideran a prevención de riscos laborais e as condicións de traballo como o elemento clave xunto co salario para o desenvolvemento dunha acción sindical prioritaria e esencial na defensa dos intereses e dereitos máis importantes e irrenunciáveis de calquera persoa traballadora. Seguimos avanzando, mais esta é unha senda que nunca se pode deixar de percorrer. Sen dúbida algunha, a loita sindical é o único camiño fronte ao capital e a explotación empresarial.



Depósito Legal:
C428-2012

Os contidos publicados son responsabilidade exclusiva do Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral da Confederación Intersindical Galega e non reflicten necesariamente a opinión da "Fundación Estatal para la Prevención de Riesgos Laborales F.S.P."

Edita: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral. www.cigsaudelaboral.org